


AS LINGUAS (OFICIAIS E COOFICIAIS) DA PENÍNSULA IBÉRICA

Na península Ibérica fálanse nove linguas: galego, portugués, asturleonés, mirandés, castelán, éuscaro, aragonés, catalán (coa variante do valenciano) e aranés.



De todas elas, sete son oficiais: o galego, o portugués, o mirandés, o castelán, o éuscaro, o catalán e o aranés. Dúas delas son linguas oficiais de Estado: o portugués e o castelán. E as outras cinco con cooficiais nos seus respectivos territorios: o galego é cooficial en Galiza, o mirandés en Miranda do Douro, o éuscaro no País Vasco e na parte vascófona de Navarra, o catalán en Cataluña, Valencia (onde recibe o nome de valenciano) e nas Illas Baleares e o Aranés en Cataluña.

En Portugal hai dúas linguas: o **portugués** (lingua oficial do Estado portugués) e o **mirandés** (lingua cooficial en Miranda do Douro), que é unha variante do asturleonés. España é un Estado plurilingüe. Máis do 40% da poboación vive en territorios nos que o castelán convive con outra lingua (oficial ou non). O castelán é a lingua oficial do Estado e todos temos a obriga de a coñecer. O resto de linguas cooficiais gozan de menos legalidade e, aínda que están amparadas polos seus respectivos estatutos de autonomía, conviven en situación de diglosia co castelán. As linguas non recoñecidas oficialmente (o asturleonés e o aragonés) son as que corren un maior risco de desaparición.

A Constitución Española (1978), no artigo 3º, sinala o plurilingüismo do Estado e establece a cooficialidade do castelán coas outras linguas españolas. 3.1 O **castelán** é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. 3.2 As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. 3.3 A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural (...) obxecto de especial respecto e protección.

O **galego** é a lingua da familia galego-portuguesa que se fala no noroeste peninsular: en Galiza, na zona occidental de Asturias (galego do Eo-Navia, eonaviego) na comarca leonesa do Bierzo (falan galego 23 municipios, nos que tamén se garante o ensino en galego), na comarca zamorana de Sanabria (falan galego en 19 municipios) e no Val do Xálama (Cáceres, Extremadura): en Sa Martín de Trevellu, As Ellas e Valverdi du Fresnu, baixo a denominación de “a fala”. O galego é unha lingua falada por máis de 3 millóns de persoas, sen contar os galegofalantes na diáspora. O galego segue sendo a lingua maioritaria en Galiza, malia a presión do castelán.

O estatus do galego vén determinado polo Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, que declara que o galego é a lingua propia de Galicia, oficial xunto co castelán. 5.1 A lingua propia de Galicia é o galego. 5.2 Os idiomas galego e castelán son oficiais e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar. 5.3 Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os

planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

O **éuscaro** é a lingua falada no País Vasco, na zona vascófona de Navarra e no País Vasco francés, onde non é recoñecida oficialmente. É das poucas linguas preindoeuropeas do continente, e a única lingua non románica da península Ibérica. É unha lingua moi dispersa, que conta con cinco dialectos (tres en España e dous en Francia) e varios subdialectos, que poden chegar a ser inintelixibles entre eles. De aí que fose de vital importancia a creación do Euskera Batua (éuscaro unificado), para garantir a normativización e favorecer a normalización.

En 2016, o 28% dos habitantes do País Vasco, parte de Navarra e o País Vasco francés eran vascófonos. No País Vasco, o seu Estatuto de Autonomía de 1979 establece que o éuscaro é lingua cooficial en todo o seu territorio, extensible tamén aos territorios vascófonos de Navarra.

O **catalán** é a única lingua oficial no Principado de Andorra. É lingua cooficial en Cataluña, en Valencia (baixo o nome de valenciano) e nas Illas Baleares. E falase na franxa de Aragón, na rexión murciana de El Carche, no Rosellón francés e na cidade sarda de Alghero. En total suma case 10 millóns de falantes, dos que case catro son nativos. O **aranés** (variante gascona do occitano) é a lingua empregada no Vall d'Arán polo 25% da poboación (segundo o censo de 2001). Nun primeiro momento o aranés só foi cooficial no Vall d'Arán (Lleida) mais, desde o 2006, é lingua cooficial en toda Cataluña.

Como acabamos de analizar, a península Ibérica é plurilingüe: unha riqueza que deberamos non só coñecer, senón tamén valorar e conservar. Desde a **ecolingüística**, insístease desde hai anos na importancia das linguas xa non só como elementos culturais de interese, senón tamén como elementos ecolóxicos a preservar, pola estreita relación das linguas co medio natural, co mundo que as rodea.